

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032807	IES do Milladoiro	Ames	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	4º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	7
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	9
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	10

1. Introducción

A materia de Proxecto Competencial diríxese ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

As competencias poden entenderse como unha combinación de coñecementos, capacidades e actitudes en que os coñecementos se compoñen de feitos e cifras, conceptos, ideas e teorías que xa están establecidos e apoian a comprensión dunha temática concreta. As capacidades enténdense como a habilidade para realizar procesos e utilizar os

coñecementos existentes para obter resultados. As actitudes describen a mentalidade e a disposición para actuar ou reaccionar ante as ideas, as persoas ou as situacións.

Nese sentido, as competencias son aquelas que as persoas precisan para o seu desenvolvemento persoal, para resolver situacións e problemas en distintos ámbitos da vida, para crear novas oportunidades de mellora, así como para desenvolver a súa socialización, lograr a continuidade do seu itinerario formativo e inserirse e participar activamente na sociedade en que vivirán e no coidado da contorna natural e do planeta. Estas competencias desenvólvense cunha perspectiva de aprendizaxe permanente, desde a primeira infancia ata a vida adulta, e mediante a aprendizaxe formal, a non formal e a informal en todos os contextos, incluídos a familia, o centro educativo, o lugar de traballo, a contorna e outras comunidades.

As competencias poden aplicarse en contextos moi distintos e en diversas combinacións, nas que se solapan e entrelazan, xa que determinados aspectos esenciais nun ámbito apoian a competencia noutro. Entre estas competencias intégranse capacidades como o pensamento crítico, a resolución de problemas, o traballo en equipo, as capacidades de comunicación e negociación, as capacidades analíticas, a creatividade e as capacidades interculturais.

Deste xeito, a materia de Proxecto Competencial configurarase como un proxecto interdisciplinario en que, de forma pautada, o alumnado terá que resolver diferentes problemas que se lle propoñen ante a hipótese de pertencer a un partido político que crerán previamente e que deberá dar resposta a desafíos da actualidade.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Entender o mundo, participar no mundo.	Nesta unidade didáctica o alumnado deberá entender o funcionamento dos diferentes sistemas de goberno, as principais ideoloxías das sociedades democráticas e as institucións que sustentan os diferentes poderes do Estado, para despois, tendo en conta este funcionamento, simular un proceso de eleccións no que participarán creando diferentes partidos políticos que deben dar resposta a desafíos da actualidade.	30	13	X		
2	Participar no mundo, mellorar o mundo.	Nesta unidade didáctica proporánselle varios temas ao alumnado sobre o que deberán crear solucións en forma de propostas de goberno. Os asuntos sobre os que traballarán serán asuntos de interese na actualidade como a difusión de noticias falsas, a regulación da intelixencia artificial, a regulación de novas profesións da contemporaneidade, etc.	30	12		X	
3	Compartir e convencer.	Nesta unidade didáctica o alumnado deberá crear unha campaña para o seu partido, facela pública no centro e transmitila con claridade e eficacia. Finalmente, promoverán un mitin e un debate ante o resto dos seus compañeiros e procederán a participar nunhas eleccións figuradas.	40	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Entender o mundo, participar no mundo.	13

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñece as diferentes formas de organizar as sociedades. Diferencia as consecuencias de vivir en distintos sistemas políticos. Entende a importancia de participar na organización do mundo.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Coñece os obxectivos da actividade. Identifica as necesidades de recursos para alcanzar os obxectivos.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	É capaz de explicar os principais conceptos cos que traballa. Manexa as diferentes fontes de información, diferenciando as fiables. Extrae conclusións lóxicas e pertinentes dos datos manexados.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Planifica o traballo de acordo ao tempo que ten. Cumpre os prazos e a planificación.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Anticipa posibles dificultades. Propón solucións eficaces as posibles dificultades.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Participar no mundo, mellorar o mundo.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Desenvolve as actividades necesarias para alcanzar os obxectivos. Respeto a secuenciación planificada. Resolve as actividades no prazo planificado.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Usa a información adquirida de forma eficaz. Propón solucións aos problemas. Comparte de forma respetuosa e eficaz as propostas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Investiga en fontes fiables os datos que necesita. Deseña con diferentes ferramentas as propostas.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Chega a un acordo cos compañeiros de resolución de problemas. Comparte co resto de alumnado e coa profesora as dúbidas xurdidas. Avanza no traballo a pesar de encontrar algúns obstáculos.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Revisa o traballo e avalíao de forma obxectiva. Propón melloras adecuadas ao traballo levado a cabo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Compartir e convencer.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Crea un programa de goberno coas medidas principais traballadas. Presenta ese programa nun formato visual e esquemático.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Participa no debate de forma adecuada, coherente e correcta. Prepara un discurso adecuado aos obxectivos previstos. Exprésase con claridade, respecto e corrección.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Mostra unha postura respetuosa e confiante nas intervencións orais. Usa xestos correctos que chaman a atención do público. Participa sen rixidez nas aparicións públicas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Supera as dificultades do discurso público con recursos propios. Controla de forma axeitada o nervosismo derivada do discurso público.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Usa apoios audiovisuais adecuados nas presentacións públicas. Crea algún documento de apoio para explicar a súa proposta.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía principal da materia será a do traballo cooperativo: o alumnado traballará en equipos, cada membro do equipo terá unha función e todos os membros deberán ter, en todo momento, coñecemento do traballo que se está facendo en global e da súa función particular.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Traballarase fundamentalmente con material informático para a búsqueda de información e con material bibliográfico na biblioteca.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Farase unha avaliación inicial a través do diálogo co alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	30	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

- A observación do traballo na aula constituirá un 20% da nota.
- A entrega das diferentes actividades propostas, tanto en grupo como de forma individual, constituirán un 80% da nota.

Criterios de recuperación:

Se ao final do curso algún alumno ou alumna non superara a materia, deberá entregar todas as actividades (grupais e individuais) propostas ao longo do curso de forma individual. Para alcanzar o aprobado deberá entregar, de forma correcta, polo menos o 60% das actividades.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.2 - Pensamento crítico	X	X	X
ET.3 - Investigación e definición de fontes fiables	X	X	X
ET.4 - Creatividade	X	X	X
ET.5 - Comunicación non violenta	X	X	X
ET.6 - Argumentación e escoita activa	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita ao Parlamento	Se fose posible, programarase unha visita ao Parlamento de Galiza para asistir a unha sesión de debate.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa é axeitada.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...)
Medidas de atención á diversidade
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave.
Desenvolvéronse as medidas de atención á diversidade necesarias aos alumnos que así o requiren.
Clima de traballo na aula
Promoveuse un clima de traballo autónomo e respetuoso.

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas

necesidades de aprendizaxe.

-A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.

-A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto e sexan modificadas no caso de ser necesario.

O seguimento poderá facerse tanto a partir da Aula Virtual deseñada para o proxecto como a través dun caderno de aula onde se irán rexistrando os avances das actividades e o cumprimento dos prazos.

9. Outros apartados